



Veciñanza presenta unha serie de medidas para recuperar o esplendor das Festas Patronais de Cuntis

Logo de facer pública a crítica razoada sobre a organización por parte do Concello de Cuntis das Festas Patronais deste ano, e como vén sendo habitual, Veciñanza presenta alternativas. Son pautas simples que inciden na necesidade de traballar cunha planificación adecuada e coa dedicación precisa.

Cuntis, 30 de agosto de 2018. Tal e como vén sendo habitual no traballo de Veciñanza, as análises non se limitan exclusivamente á crítica senón tamén ás **propostas**. Co obxectivo de recuperar a calidade e o bo nivel que en anos anteriores conqueriron as Festas Patronais de Cuntis, Veciñanza elaborou unha serie de propostas para tratar de corrixir os erros da organización deste 2018.

As Festas Patronais son unha das referencias principais do calendario de lecer do noso concello. É por isto que a súa organización require **unha planificación axeitada e unha implicación que ten comezar con antelación suficiente**. Non abonda con empezar un mes antes a pensar en todos os aspectos que conleva unha programación tan importante. Algunhas propostas para recuperar o prestixio das Festas Patronais de Cuntis pasan polas seguintes ideas:

- Comezar a preparación con **antelación suficiente** ao mes de agosto para ter maior marxe de manobra á hora de realizar as contratacións
- Comezar a recadación das doazóns veciñais que se fan en man (o petitorio) con antelación suficiente. Facelo só uns días antes do comezo das festas diminúe a recadación.
- Implicar realmente a **todos os sectores** (asociacións, comercios, hostalería, etc) cuntien-ses para que poidan aportar. **Promover activamente a súa participación** planificando con antelación suficiente o programa que se quere organizar.
- Estudar con rigor o que se contrata e **que tipo de festas queremos**
- Pensar nun programa que **dinamice as rúas todos os días de festa, adaptado a todos os públicos**, atractivo, orixinal e que anime a quedar na vila durante eses días.
- **Coordinar debidamente a instalación das atraccións**, coas normas de montaxe, des-montaxe e demais necesidades claramente acordadas.





veciñanza

- Coidar a **difusión** do programa. Investir en formatos realmente efectivos de xeito rigoroso e profesional. Esta é unha culminación necesaria para todo o traballo previo que se faga.

O cumprimento destas pautas non é nin moito menos unha utopía. En Cuntis xa se demostrou que posible facer moito con orzamentos axustados, e se é a administración quen asume a organización non debera haber excusas para que a vila volva gozar dunhas Festas Patronais para todos os públicos, cun programa atractivo e das que sentirnos orgullosas.

